

Paseo Literario ...

PARADA 5: EDUARDO BLANCO AMOR

O Hotel Nilo estaba situado nesta rúa Álvarez Blázquez. Aquí viviu Eduardo Blanco Amor, autor de libros como *A esmorga* ou *Xente ao lonxe*.

Residiu neste hotel entre outubro de 1979 ata o seu falecemento, o 1 de decembro dese mesmo ano. Ao volver da Arxentina, a intelectualidade galega, a iniciativa de Laxeiro, organizou unha exposición para recadar fondos e axudar a Blanco Amor

Carlos Casares coñece a Eduardo Blanco Amor, cando este traballaba como camareiro no café Miño de Ourense.



Carlos Casares

Paseo Literario ...

A primeira vez que ouvín falar del foi na tertulia de Vicente Risco, coido que no inverno de 1961.

Conocínno uns anos despois en Ourense, a través da man amiga do fotógrafo Pepe Suárez. Durante unha longa tempada frecuentamos os tres xuntos (as veces incorporábase tamén Luis Mariño) o mesmo restaurante. Eduardo era un bon conversador, culto, fino e incrivelmente agudo. Tiña unha lingua despiadada e rápida, sobre todo cando se refería ás persoas que non lle caían ben.

Andaba sempre como desacougado, en guerra permanente contra exércitos invisibles. Os cartos, os editores, os partidos políticos, os críticos literarios, os concellales ou os periodistas podían desatar nel auténticas treboadas verbales. Como un neno inseguro, reclamaba a atención constante dos demais. Por eso recurría con tanta frecuencia a xestos solemnes e á ampulosidade teatral dos ademáns. Non era soberbia, como podía pensar quen non o conocera, senón soedade, a dramática soedade en que viviu e na que morreu.

Sabía do seu propio valer e esixía que os demais llo reconocesen, e que llo reconocesen sin reservas. A verdade é que todos puidemos ser algo máis xenerosos con el. Ninguén lle fixo o grande homenaxe que merecía e os que se lle fixeron nunca alcanzaron a magnitude que el agardaba.

“Un home ferido e atormentado” en *Homenaxe a Blanco Amor*. Xerais. Vigo, 1981.

Carlos Casares